

Culturgal é o fogar da cultura galega

Se é cultura está en Culturgal

A forza de toda a cultura galega

Pasa sen chamar

FALADOIROS DE SALÓN

VENRES 27

Entrevista o xornalista **Iago Martínez**

18.00h. Faladoiro con **Diego Ameixeiras**

A última novela de Diego Ameixeiras, *Asasinato no consello nacional*, causou unha grande expectación e apenas unha semana despois de chegar ás librerías púxose en marcha unha segunda edición. Este libro será o tema central da charla.

En *Asasinato no consello nacional* o autor relata a trama ao redor do asasinato de Mario Dacosta, parlamentario do BNG, o día en que todo o Consello Nacional presenta a súa dimisión logo do resultado electoral no que o bipartito perde as eleccións. Alberto Cudeiro, un detective elegante con ínfulas taoístas, recibirá da dirección do BNG o encargo de investigar este crime, que o levará, tamén, a resolver un enigma relacionado coa guerra civil.

Diego Ameixeiras (Lausanne, Suíza, 1976), é xornalista, profesión que exerce en prensa, radio e televisión. Na actualidade traballa como dialoguista no equipo de guionistas da serie *Matalobos*, emitida pola TVG. Até o momento publicou tamén as novelas *Baixo Mínimos*, *O cidadán do mes*, ambas as dúas protagonizadas polo detective Horacio Dopico, *Tres segundos de memoria* (Premio Xerais de novela 2006) e *Dime algo sucio*.

18.30h. Faladoiro con **Iolanda Zúñiga**

Iolanda Zúñiga é a gañadora do último Premio Xerais coa novela *Periferia*. A crítica identifícaa como unha das renovadoras da narrativa galega, que supera os clichés da escrita, creando un estilo de seu e axeitado ao tempo actual.

Periferia relata a historia de Luciana e Brown, que unen os seus destinos, marcados polo amor, o narcotráfico e a violencia, nos límites dunha das favelas de Sao Paulo. Alí na periferia desordenada da megalópole transcorre esta historia, escrita ao ritmo do rap, na que se esculcan os ingredientes da vida urbana no século XXI. O xurado do Premio Xerais 2010 no seu ditame sinalou que "a partir dun argumento moi sinxelo e botando man dun sutil fío narrativo, a autoría deste texto creou un universo narrativo contundente, denso, moderno e actualísimo co que se atreveu a construír unha novela do século XXI, ano 2010, poñendo cargas de dinamita nos

piases da nosa propia concepción do que debe ser unha novela". Novela polifónica, con constantes referencias á cultura popular, á cultura de masas, á música, aos medios, á publicidade, ao cine, ao fútbol, está tecida cunha mestura de textos tipicamente postmoderna.

Iolanda Zúñiga (Vigo 1975) é mestra de Educación Musical. Forma parte do grupo Murrel-bruxas de música para nenos. Na actualidade traballa nun restaurante vexetariano de Vigo. Con anterioridade fíxoo como titiriteira, asistente nunha librería e nunha tenda de discos. Como escritora publicou o libro de relatos *Vidas pos-it*, pezas concisas e veloces, que alimentan un receitairo de tropezos na vida, recibida de forma entusiasta pola crítica, e o poemario *Amor amén*, un monólogo en verso dunha muller enganchada a unha relación destrutiva.

19.00h. Faladoiro con **Antón Lopo**

Xornalista, escritor e artista, Antón Lopo vén de gañar o Premio García Barros 2010 coa novela *Obediencia*. Nela Lopo transforma o xénero de aventuras nunha orixinal crítica do poder e do control absoluto do pensamento.

No século XXII, o goberno da República Galega perdeu o dominio de todo o territorio e centra a súa acción na capital, Compostela. Elba Mácara está ingresada nunha residencia para científicos con problemas psicolóxicos: cre prever o destino mediante cálculos matemáticos. Cando consegue fuxir, refúxiase na Alemparte, un ermo salvaxe onde ten base o grupo resistente Alogon.

Con anterioridade Antón Lopo escribiu as novelas *As reliquias* (1991) e *Ganga* (2001). No eido literario deuse a coñecer como poeta con textos como *Sucios e desexados* (1988), *Manual de masoquistas* (1991) ou *Fálame* (2003). Ademais publicou as biografías *A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra*, *Fotobiografía de Fermín Bouza Brey* e *As tres mortes de Lorenzo Varela*.

SÁBADO 27

Entre vista a xornalista **Belén Regueira**

18.00h. Faladoiro con **Xurxo Sierra Veloso**

Xurxo Sierra Veloso vén de gañar o Premio Repsol de narrativa breve 2010 con *Os fíos*, unha novela que conta as historias de Antón, Lidia e Chano, que camiñan pola fronteira do cotián e do absurdo. É un xogo de azares e malentendidos que cambian por completo a vida das personaxes.

Na conversa debullará este e outros traballos seus como *Licor de avelá con xeo* e *Os nomes do traidor* e tamén abrollarán outros temas relacionados co sistema literario galego.

18.40h. Faladoiro con **Iván García Campos**

As conversas continúan no noso salón, a esta hora con Iván García Campos, que vén de gañar o Premio Blanco Amor 2010 coa súa primeira novela, *O imposible de desatar*, unha sorpresa literaria dun autor novo cun novo xeito de narrar.

O seu libro compón un retrato da cara oculta da sociedade actual, dos conflitos persoais, da soidade e a incomunicación. Ao contar a historia dunha familia na Galicia de hoxe conta a historia de todos nós, dos sentimentos que abrollan nos actos nimios, das relacións nas que as palabras case non son necesarias ou do que

é imposible de dicir, do que non se pode desanoar. A nova literatura galega fala de nós, da realidade que estamos a vivir.

DOMINGO 28

Entrevista o xornalista e escritor **Camilo Franco**

12.30h. Faladoiro con **Fina Casalderrey**

A escritora Fina Casalderrey chega aos faladoiros de salón do Culturgal cos seus dous últimos textos, *E ti que farías por min?* e *Un saco de estrelas*.

O primeiro relata a historia de Malta e Marqués, que viven na rúa. Cada vez cústalles máis atopar comida; hoxe só queda por buscar no vertedoiro. Marqués non se atreve a meterse no lixo, pero faille promesas a Malta: Se fose bolboreta regalaríache... Se fose xílgaro contaríache... Se fose lúa... E Malta, ¿que fai por Marqués?

En *Un saco de estrelas*, cada atardecida do mes de maio, antes de que o sol comece a preparar a súa cama laranxa no leito das montañas, unha muller pasa entre as burlas dos nenos e das nenas cara ás leiras de Sobredorrío. Leva sempre un misterioso saco luminoso que semella ter dentro a luz de ducias de estrelas. Os cativos axiña deixan de facer chacota e comezaron a sentir unha mestura de medo e fascianación que os ten enfeitizados. A todos os insultos, feos coma unha noite sen lúa, a velliña responde cun sorriso limpo.

Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra 1951) é mestra e escritora cunha ampla obra escrita para nenos e mozos. Para o público infantil publicou, entre outras moitas obras, as novelas *Dúas bágoas por Máquina* (1992, premio Merlín de Literatura infantil 1991), *A noite dos coroides* (1993), *Chamizo* (1994), *O misterio dos fillos de Lúa* (1995, Premio Barco de Vapor e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil), *O estanque dos parrulos pobres* (1996, premio Edebé de Literatura Infantil), *Prohibido casar papá* (1996, lista de The White Ravens), *Ás de mosca para Anxo* (1998), *O misterio do cemeterio vello* (1999), *A lagoa das nenas mudas* (2007) e *A Pomba e o Degolado* (2007).

13.00h. Faladorio con **Elena Gallego**

Elena Gallego vén de publicar *Dragal .I. A herdanza do dragón*, finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura xuvenil 2009.

Acaroado na fachada da igrexa de San Pedro, o dragón de pedra agarda que chegue o tempo no que Dragal recobre a vida. Hadrián aínda non o sabe, pero el é o elixido para conseguir que se cumpra a profecía. Mais, quen pode imaxinar que o vello templo medieval agocha as claves para atopar a senda do último dragón galego? Un antigo medallón de metal en estado vivo, herdanza do seu pai, será a chave que lle abrirá a Hadrián as portas para cumprir co seu destino. Para atopar respostas, o mozo tamén deberá buscar nos libros prohibidos da vella biblioteca do seu bisavó e mergullarse nos segredos que agochan as augas da Poza da Moura. Só grazas á amizade de Mónica, compañeira de clase no instituto, e coa complicidade de don Xurxo, o cura da parroquia, Hadrián poderá percorrer a senda que, os cabaleiros da Orde de Dragal deixaron aberta para el moitos séculos atrás.

Elena Gallego Abad (Teruel, 1969) debuta na narrativa galega con esta primeira novela, coa que inicia, ademais, unha futura triloxía baixo o título de *Dragal, o*

dragón galego. É xornalista, cunha ampla traxectoria profesional nos medios de comunicación galegos, tanto na prensa escrita coma na radio. En 1998 recibiu o Premio Xosé Aurelio Carracedo de Xornalismo da Deputación Provincial de Ourense, no apartado de Medios Audiovisuais, pola produción e realización do programa radiofónico *A Fiestra*, emitido por Onda Cero Ourense. Na actualidade traballa na delegación de Cangas do Morrazo do *Faro de Vigo*.

13.30h. Faladoiro con **Teresa González Costa**

A escritora Teresa González Costa intervén como Premio Merlín de Literatura Infantil 2010, pola súa obra *A filla do ladrón de bicicletas*.

Serafina, que é filla dun ladrón de bicicletas, vive coa súa tía, dona Perfecta, nunha vila mariñeira. A súa máxima aspiración é ser equilibrista nun circo con Celerífera, a bicicleta coa que consegue abraiar, e cara a iso van enfocados todos os seus esforzos, aos que non serán alleos nin a axuda do vello Elías nin as dificultades que lle ocasionan a panda de Martiño o Bravo.

O xurado da XXVª edición do Premio Merlín de Literatura Infantil outorgou o seu recoñecemento a esta primeira novela da autora salientando “a perfecta combinación de tenrura e humor dunha historia cuxo fío condutor é unha bicicleta que se converte en personaxe, á beira da protagonista, e que guía con eficacia o desenvolvemento da historia”.

A filla do ladrón de bicicletas foi ilustrada por Jacobo Fernández.

Teresa González Costa (O Grove, 1975) é Licenciada en Filoloxía Inglesa e Italiana, con estudos de Teoría da Literatura e Literatura Comparada. Realizou en paralelo unha formación teatral, tanto en Galicia como en Italia e Francia, como actriz en diversas compañías, talleres de teatro, danza e voz. Como docente, impartiu cursos de teatro en centros de ensino. Viviu dous anos e medio en Xenebra, onde realizou guións para un programa radiofónico e asistiu a cursos de dramaturxia baseados na obra de Jean-Luc Lagarce. Nesa cidade participou nunha produción da Comédie de Genève. É autora de pezas de teatro publicadas en Fervenza e Laiovento. Despois de ser mención especial no certame Barriga Verde 2004 e finalista no Rafael Dieste 2005, acadou no 2008 o XVII Premio Álvaro Cunqueiro con *Sempre quixen bailar un tango* e o III Premio Manuel María de literatura dramática infantil con *Pingueiras e tarteiras*.

18.00h. Faladoiro con Manuel Rivas

Manuel Rivas participa pola tarde nos faladoiros de salón do Culturгал, para debullar a súa última novela, *Todo é silencio*. Estará tamén asinando exemplares do volume, editado por Xerais.

Todo é silencio narra o irresistible ascenso social de Mariscal, un capo contrabandista, e das almas que habitan Brétema, o universo que domina ao seu antollo. En Brétema, na costa atlántica, houbo un tempo en que as redes do contrabando, reconvertidas ao narcotráfico, acadaron tanto poder que estiveron moi preto de controlar o poder social e as institucións.

Todo é silencio narra tamén a vida dun grupo de amigos, aos que une dende a infancia o andar ás crebas, á procura de restos de naufraxios, no escenario sempre

sorprendente do mar de Galicia, ese mar que fala cos signos que deita na beira. Dende moi pronto, o destino da xente nova estará determinado pola sombra odiosa e engaiolante a un tempo do omnipresente Mariscal. Esta novela relata como os círculos do crime rodean e corrompen, non sempre con éxito, o estraño feitizo da condición humana.

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) é un dos nosos escritores máis recoñecidos. A súa obra está traducida a máis de vinte linguas e publicada polas máis prestixiosas editoras literarias do mundo. Como narrador ten publicado *Todo ben*, *Un millón de vacas* (Premio da Crítica Española), *Os comedores de patacas*, *En salvaxe compañía* (Premio da Crítica Galicia), *¿Qué me queres amor?* (Premio Torrente Ballester e Premio Nacional de Narrativa), *Bala perdida*, *O lapis do carpinteiro* (Premio da Crítica Española, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio Arcebispo Xoán de San Clemente, Premio 50 aniversario da sección belga de Amnistía Internacional), *Ela, maldita alma*, *A man dos paños*, *As chamadas perdidas*, *Contos de Nadal* e *Os libros arden mal* (Premio Ánxel Casal ao Libro do Ano, Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego do Ano, Premio da Crítica, Premio Mellor Libro do Ano Libreiros de Madrid, Premio da Crítica Galega, Premio Losada Diéguez, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega).

19.00h. Faladoiro con **Marcos Calveiro**

Marcos Calveiro é hoxe un dos interlocutores dos faladoiros de salón do Culturгал. Intervén pola tarde para debullar as súas dúas últimas obras: *Settecento* e *O pintor do sombreiro de malvas*.

En *Settecento*, o badaleo de todos os campaniles de Venecia resoa en canles e pazos da Serenísima República unha mañá do ano de 1739 e, coma nun teatro barroco, álzase o pano deste melodrama para música no que todas as personaxes semellan agochar sentimentos e intencións tras unha branca máscara de Entroido. Baixo a atenta ollada dun alado león de mármore, Antonio Vivaldi prepara a estrea da súa nova opera, mentres procura por un stradivarius perdido que moitos anos máis tarde escoitaremos nos oficios da catedral de Santiago. É, no celme harmónico deste prodixioso instrumento e nas habelenciosas mans do seu intérprete, onde fica o segredo dunha historia de culpa e redención, de amor e desexo, de loita e resignación, de fulgor e decadencia. É un intrigante e vertixinoso relato que confirma a Marcos Calveiro como un dos novelistas primeiros do noso tempo.

En *O pintor do sombreiro de malvas* (Premio Lazarillo) un adolescente é enviado pola súa nai dende París a pasar cunha tía unha boa tempada na vila de Auvers. Durante aqueles días do verán de 1890 coñecerá a Vincent, un pintor que semella beberse a vida con cada violenta pincelada sobre o lenzo e do que durante sesenta e nove días se fará inseparable, acompañándoo no seu deambular polos trigais e na súa infatigable loita contra os convencionalismos da vida provinciana. Mais o mozo tamén descubrirá o amor, coñecerá algúns misterios sobre o seu pasado e se enfrontará por vez primeira á morte, o que o obrigará a tomar unha decisión sobre o futuro que lle agarda.

Marcos Calveiro (1968), neto de feirantes taberneiros, vive en Vigo, onde desenvolve a súa actividade profesional como avogado. Deuse a coñecer como narrador coas novelas xuvenís *Sari soñador de mares* e *Rinocerontes e quimeras*, ambas as dúas moi ben valoradas pola crítica. En 2007 recibiu o XVIIIº Premio Ala

Delta de Literatura Infantil por *O carteiro de Bagdad*, novela que logo recibiría tamén o Premio White Ravens en 2008. Máis recentemente, mereceu o Premio Barco de Vapor de Literatura Infantil 2008 por *O canto dos peixes* (2008). Ten publicada ademais a *Festina lenta* (Premio da Crítica 2008 e Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego do Ano 2009). Como poeta escribiu *Cartas do terceiro día*. Mantén aberto o blog Alfaias <http://alfaias.blogaliza.org>.

19.30h. Faladoiro con **Manuel Portas**

Unha conversa con Manuel Portas pechará os faladoiros de salón do Cultural. Intervén pola tarde para analizar polo miúdo a súa primeira novela, *Denso recendo a salgado*.

Denso recendo a salgado son os fragmentos dun espello escachado por un golpe; as páxinas dunha intensa novela con moitas novelas dentro; unha historia de historias fragmentarias e ocasionais, tecida con fíos multicolores de personaxes que se entrelazan dende unha aparente desconexión inicial para acabar nunha frenética sinfonía vital, trágica e vibrante, trepidante, delicada, por veces romántica, e a un tempo crúa e dura como a realidade que lle serve de marco de referencia. Ao longo da novela, aparecen vidas anónimas e singulares que teñen en común a pertenza a unha xeración de mozos e mozas nados nunha vila mariñeira que podería ser calquera das que se deitan na Ría de Arousa. Coas súas mudanzas de ritmo, cos panos de fondo das bateas, do narcotráfico e de Compostela, Denso recendo a salgado é como unha montaña rusa que nos fai sentir a vertixe da existencia.

Manuel Portas (Barcelona, 1960) é profesor de lingua e literatura galegas no ensino medio compostelán. Amais da súa colaboración en obras de carácter didáctico e publicacións de tipo pedagóxico, é coñecido polo seu labor no campo da análise sociolingüística, onde salienta o texto *Lingua e sociedade na Galiza*, obra de referencia obrigada neste eido. Colaborador habitual da prensa compostelá, a súa dedicación pública levouno a participar en política e formar parte do goberno municipal de Santiago ao longo de dous mandatos.

PRESENTACIÓNS

Venres 26

17.00h. Presentación de *O capital da cultura. Unha achega as industrias culturais de Galicia*

É un amplo informe, promovido pola Fundación Caixagalicia e a Universidade de Santiago, dirixido por Víctor F. Freixanes e Alberto Meixide e que conta coa participación dalgúns dos investigadores e expertos máis destacados do panorama galego, como son David Barro, Xosé López, Eloi Caldeiro, Miguel Anxo Fernández, Xosé Ramón Pousa, ou Francisco Campos, entre outros.

O estudo, chamado a se converter nunha ferramenta de traballo esencial para entendermos a globalidade da situación cultural galega, culmina o traballo de máis de tres anos dun conxunto de 17 expertos que realizaron a investigación económica máis exhaustiva do sector cultural galego e do que se tiran algunhas conclusións interesantes, como é a constatación do aumento do número de empresas culturais no noso país.

En decembro de 2009, en Galicia había un total de 3.383 compañías rexistradas,

mentres que un ano antes contábanse 3.275. Esta diferenza significa un incremento no número do 3,8%. Deste xeito, o 4,7% das compañías culturais de todo estado están radicadas en Galicia. A aparición de novas empresas chegaron grazas á proliferación de entidades dedicadas á creación artística –que aumentaron un 9,4%– e á actividade audiovisual, que experimentou un aumento do 6,04% no seu número de empresas.

19.30h. Presentación de *De sombras e poemas que son casas*, de Xosé María Álvarez Cáccamo

A miña nai na praia,

tarde turba de ondas a ferver.

A miña nai quebrada,

brinquedo de latón contra os muros do mar.

Que non se entende a música do tempo,

onde estarei cando o meu fillo

poña neste verso aquela tarde furna,

o vento escuro no estupor da luz cóncava.

Os avós cantaban por enriba do balbordo da escuma.

Mar adentro, a perderse nun erro da memoria.

A miña nai sen áncora regresa aquí setenta anos despois

e permanece trágica fronte aos muros do mar.

20.30h. Presentación de *Na Cerna da Selva*, de Pere Tabaruela

Xiao, un rapaz de dezaseis anos, escribe un traballo sobre xabarís co que gaña un premio convocado polo Zoolóxico de Barcelona. Tal premio consiste nunha estadía de cinco semanas na cerna da selva ruandesa en compañía de Dian Fossey, investigadora famosa polos seus traballos de divulgación e protección dos gorilas de montaña. Nesta novela, o autor combina a busca dun personaxe fascinante apegado ás raíces dun mundo primitivo –cheo de segredos ancestrais, lendas e coñecementos máxicos- coa desesperada fuxida das mans duns asasinios brutais e abxectos. Faino cunha prosa elegante que contén reflexión, suspense, aventura, aprendizaxe e misterio. Na cerna da selva é tamén a historia do encontro con dúas civilizacións, a moderna Europa fronte á descoñecida África dos pigmeos. Pere Tobaruela encargárase da presentación da novela, Leticia Costas lerá algúns dos contos africanos que recolle a obra e o grupo Deggo Percusión ambientará o acto con danza e música africana.

Sábado 27

12.00h. Presentación da campaña 2010-2011 de Urco Editora

Urco Editora presenta a nova liña editorial deste ano 2010-2011: os títulos que se publicarán nos seguintes meses, as novas coleccións de autor, a renovada presentación estética dos títulos desta campaña e a aposta polos autores e autoras galegos na Colección Alcaían.

13.00h. Presentación da primeira guía electrónica de árbores de España

Baía Edicións presenta a súa nova colección de natureza “Os 50” coa presentación da primeira Guía electrónica de árbores de España.

16.00h. Presentación de *Abelcebú*, de Carlos Negro

É este Abelcebú un tratado científico de escarnio e maldicir, escapelo humorístico que disecciona as trampas dos poderes oficiais, unha intervención cirúrxica a

corazón aberto onde operan a un tempo o bisturí da ironía e a dinamita do sarcasmo. E o Abelcebú unha enciclopedia dos saberes do Demo, unha lupa grotesca que nos desvela as vergoñas do mundo, e lle dá a volta ás nosas crenzas e prexuízos como a calcetíns que se botan ao cesto da roupa sucia. É o Abelcebú un cuspe de pallaso, un carrusel conceptual onde o escritor fai burla do universo, e de si mesmo, sempre na procura dun sorriso oblicuo, fracturado entre o lirismo e a amargura. Abelcebú: un peido diabólico na parte traseira do sistema literario.

Carlos Negro bota neste texto unha ollada crítica e aceda ao mundo que o rodea, logo de analízalo a través da poesía en libros como *As laranxas de alí baba*, *Far-west*, *Héleris* (Premio Johan Carballeira), *Cultivos transxénicos* (Premio de poesía Vitoriano Taibo) e *Makinaria*.

17.00h. Presentación de *Guía de cogomelos dunares*, de Xosé Manuel Castro Marcote

Os sistemas dunares son un exemplo de espazo ecolóxico onde sobrevivir é extremadamente difícil, pero a vida consegue finalmente evolucionar e adaptarse. Esta guía dá conta dun traballo de estudo e catalogación levado a cabo nos últimos 10 anos, co resultado da identificación de máis de 300 especies fúnxicas nos areais e sistemas dunares do litoral atlántico galego.

19.30h. Presentación de *En castellano no hay problema*, de Carlos Callón

Cun título que desde o comezo pretende provocar a reflexión, Carlos Callón neste libro textos que abordan a situación do idioma galego nos últimos tres lustros, deténdose con máis vagar na política lingüística do período do bipartito e do comezo da lexislatura de Alberto Núñez Feijóo. Nestas páxinas o autor, ademais de rebater con argumentos algúns dos prexuízos e tópicos máis asentados contra a lingua galega, analiza a situación do idioma, repasa reivindicacións, presenta alternativas, convida ao protagonismo individual para transformar a sociedade e alerta das medidas que deberían adoptar os poderes públicos.

En castellano no hay problema é, en definitiva, un libro útil e operativo para a encrucillada en que se encontran a nosa lingua e a nosa cultura.

Carlos Callón (Ribeira, 1978) é o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, a maior asociación cultural de Galicia desde o ano 2002. Preside tamén a Fundación Via Galego desde a súa constitución en 2006 e o Comité de Estado da Axencia Europea das Linguas Minorizadas desde 2008. Participou activamente no impulso da plataforma unitaria Queremos Galego, da cal é un dos portavoces. É profesor de lingua e literatura galegas en secundaria e autor de investigacións sobre sociolingüística e estudos literarios, materias sobre as que é un prolífico conferenciante. Publicou o libro *Por unha historia que nos pertence* (a obra poética en galego de Lorenzo Varela) e mantén o blog persoal carloscallon.com, ademais de colaborar con asiduidade en varios medios de comunicación.

Este acto está organizado por Xerais en colaboración coa Mesa Pola Normalización Lingüística. Participan: Cris Quinteiro (Responsable da Mocidade pola Normalización Lingüística de Pontevedra), Manuel Bragado e Carlos Callón.

20.00h. Presentación d'*A néboa amarela*

Rubén Ruibal e César Caldelas presentan, cantan e representan a súa última obra, *A néboa amarela*, editada por Biblos. Trátase dunha adaptación teatral da canción *Black Diamond Bay*, escrita xusto na metade da segunda metade do século pasado por Bob Dylan e o dramaturgo Jacques Levy. Os autores aseguran que este tema, ao igual que os demais do mítico disco *Desire* do que forma parte, son tamén obras de teatro.

Domingo 28

16.00h. Presentación de *Unha viaxe pola infancia*, de Antonio Gómez Albo
Unha viaxe pola infancia é un libro sobre educación Infantil que intenta dar información necesaria para coñecer como van construíndo o seu mundo os nenos e nenas nesta etapa educativa. Está pensado de modo moi especial para futuras mestras e mestres; tamén para aquel profesorado que se sinta atraído pola lectura dun libro que trate desta temática e, por que non, para un público que guste deste tipo de lectura.

É un percorrido dende o inicio da vida ata os seis anos, atendendo especificamente o que conleva o período escolar. Esta viaxe está fundamentada por aspectos da psicoloxía evolutiva infantil que, ao marxe das teorías sobre a aprendizaxe, son necesarios para entender mellor o seu desenvolvemento e así aplicalo, neste caso, ás idades referidas. Así mesmo, contempla outros aspectos de carácter pedagóxico, didáctico, metodolóxicos e de organización escolar considerados básicos.

Coa finalidade de darlle unha versión máis viva, que rompa coa mera estrutura dun libro de marcado selo educativo, a protagonista é unha nena chamada Inés, quen representa a todas as nenas e nenos que como ela se atopan dentro deste proceso, construíndo un mundo que van descubriendo, experimentando no ambiente no que realizan as súas vivencias, e onde a escola, a familia e a sociedade conforman o seu futuro.

20.00h. Presentación especial de *Larpeiros*, de Benigno Campos
O novo libro de receitas de *Larpeiros* inclúe de un CD no que Benigno Campos e Lola Gestido, protagonistas do programa da TVG, cantan fragmentos de cantigas populares. Na presentación deste volume manterase unha amena conversa cos dous, que rematá coa interpretación en directo dalgunha desas pezas musicais.

PRESENTACIÓNS NO CUARTO DOS NENOS

Venres 26

19.00h. Presentación de *Bicos de sol*
Bicos de sol nace para desdramatizar o impacto que supón unha grave enfermidade no seo de calquera familia, pero especialmente para resaltar a importancia da implicación de todos os seus membros. Camiñemos con esa nai e esa filla, todo coraxe e dozura, para cruzar ese río de augas revoltas. Sofía e a súa nai farannos comprender, que cando un problema é asumido con naturalidade, comeza a resolverse. E que, por suposto, un bico de sol é unha gran menciña. Palabra de Barullo. Asun Estévez é a autora deste texto, que forma parte da colección Elefante Contacontos da editorial Ir Indo.

Sábado 27

19.00h. Presentación de *Abrapalabra!*, de Carlos Coira e Antón Cortizas

Alingua é máxica. As palabras lense de arriba a abaixo, de esquerda a dereita... e ata en diagonal! A que non sabías que ti podes ser tamén un mago? Coas palabras podemos xogar. Coas palabras podemos brincar. Coas palabras podemos gozar. Cal é o teu nivel? Aprendiz de Mago? Mago? Supermago? Editorial Galaxia presenta *Abrapalabra!* un dos libros máis estraños (por divertido, por curioso, por xeitoso), de todos cantos teñas vistos na vida. Porque, a ver, cantos libros coñeces que se sosteñan de pé? É o que ten a maxia. Que nos permite facer este tipo de cousas.

Para escribir *Abrapalabra!* xuntáronse dous magos ben interesantes. Por unha banda, Antón Cortizas, que é quen de escribir do dereito e do revés, poemas cunha soa letra, con formas singulares ou con outras palabras dentro. O outro mago é Carlos Coira, un dos de chisteira e variña, afeito dende hai moitos anos a sacar coellos de onde non se espera e a facer desaparecer calquera obxecto grande ou pequeno. O seu traballo, xunto coas ilustracións dese outro mago dos pinceis que é Jacobo Fernández Serrano, vaiche permitir gozar da maxia das palabras galegas pero, tamén, aprender maxia dun xeito divertido e sobre todo moi moi moi doado.

19.30h. Presentación de *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto. A primeira montaña que houbo no mundo era unha montaña moi ambiciosa. A primeira montaña que houbo no mundo quería ser aínda máis alta do que era. Púxose a crecer, a crecer... *Contos para nenos que dormen deseguida* foi un dos títulos máis vendidos na pasada Feira do Libro da Coruña.

Os 28 relatos deste libro destacan non só pola brevidade, senón tamén pola agudeza narrativa, os xiros literarios e o sentido do humor. Son historias baseadas no nonsense que apostan pola orixinalidade e a chiscadela intelixente. Partindo da sinxeleza, sorprenden os lectores con cambios inesperados no curso dos acontecementos e finais que debuxan sorrisos, deixando un pouso de lectura gratificante, sacudindo a creatividade e invitando á reflexión.

David Pintor desprega as súas artes como debuxante e paisaxista, captor de momentos e situacións hilarantes e intérprete visual do talento literario de Carlos López. O resultado son estampas de liñas sinuosas e cheas de colorido, polas que perder a ollada e soñar con saltar ao plano do papel para percorrer os seus recunchos e ser partícipe das aventuras que transcorren nelas.

Pinto&Chinto comezaron a colaborar como humoristas gráficos en 1993 e chegaron a acadar importantes galardóns como o Curuxa do Humor do Museo do Humor de Fene, o Haxtur do Salón Internacional do Cómic de Oviedo e o Hermés do Concello de Barakaldo. En 2001 inician a súa incursión na literatura infantil. Despois de máis de 20 libros, convertéronse nuns dos autores máis premiados e prolíficos de Galicia, con diversos recoñecementos como os premios Merlín, Pura e Dora Vázquez, Frei Martín Sarmiento e Raíña Lupa, así como a súa selección na Feira Internacional de Boloña en 2007 e 2010, na Bienal Internacional de Bratislava e na mostra internacional Sueños en papel en México.

Domingo 28

11.30h. Presentación de *A Xanela*, de Amalia Pérez Otero

A xanela é a ventá máis ben posta de todas cantas hai. Ten unhas vistas espectaculares da ría, dos montes, da cidade... Todos a admiran e queren estar ao carón dela... aínda que todos, todos, non. Hai unha nena, a nova inquilina da casa,

que nin sequera se acerca a ela. Esta meniña ten unas condutas moi raras. A xanela estraña desa nena e da súa despreocupación para con ela polo que decide actuar.

Este é un conto de coñecemento mutuo, de amizade e sobre todo de tolerancia. Amalia Pérez Otero e Nieves González Prado son as autoras e forma parte da colección Elefante Contacontos da editorial Ir Indo.

17.00h. Presentación de *Animais extraordinarios*

A colección *Animais extraordinarios*, do selo Faktoría K de Libros, consta dos volumes *Bocas*, *Nacer* e *Construtores*. En conxunto, son libros instrutivos, amenos, ben estruturados e de gran atractivo visual, que sitúan o lector ante os diversos grupos de reino animal. A intención é transmitir o seu valor para animar a coidalo.

Por terra, mar e aire, de norte a sur, por todos os continentes, selecciona unha serie de animais e ofrece un volume de información ben dosificada sobre as súas características, localización e costumes, centrándose na súa forma de acomodarse no hábitat, isto é, de construír o seu fogar. Unha invitación aos lectores para que entren nas casas de certos animais, ás que os humanos raramente temos acceso. Esta visita científica e visual permitiranos coñecer aspectos da súa vida que nos deberían mover emocionalmente para comprendelos, respectalos e protexelos.

Bocas

Entre o ecuador e os polos hai unha enorme cantidade de ecosistemas: dende os ambientes extremadamente fríos do ártico ata os cálidos trópicos, dende os áridos desertos ata as húmidas selvas ecuatoriais. En cada ecosistema miles de animais loitan pola súa vida segundo a dura lei da selección natural: comer e non ser comido.

Nacer

Neste libro descríbese a forma asombrosa en que se reproducen e coidan as súas crías doce especies de animais. Uns son vivíparos e outros ovíparos. Uns teñen moitos fillos, dos que se desentenden e poucos sobreviven. Outros teñen pouca descendencia, á que coidan con esmero durante moito tempo. Existen multitude de estratexias reprodutivas pero, ao cabo, todas consisten en situar os fillos nunhas condicións axeitadas para que poidan sobrevivir por eles mesmos.

Construtores

...Hai aves que constrúen niños sorprendentes pola súa intrincada arquitectura, mamíferos que escavan complexas vivendas subterráneas, insectos minúsculos que erguen edificios enormes e arañas que tecen elaboradas estruturas de caza. Todos son expertos construtores que sobreviven grazas á súa habilidade... Os autores son Xulio Gutiérrez e Nivolás Fernández. O primeiro é profesor do IES de Pobra do Caramiñal. Pertence á Sociedade Galega de Educación Ambiental, creada en 2001 para aglutinar o traballo de profesionais de diversos sectores comprometidos coa educación ambiental. É autor de máis de 20 libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas.

Nicolás Fernández é un ilustrador de natureza autodidacta afincado na Coruña. A maior parte dos seus traballos son acuarelas e bosquejos de fauna e flora, especialmente aves. Traballou como ilustrador para distintas publicacións,

enciclopedias, organismos oficiais, libros, xornais e revistas. A súa obra expúxose en salas de toda España. Compaxina o seu traballo como ilustrador co deseño gráfico e multimedia, actualmente nunha empresa de xestión ambiental.

A colección Animais Extraordinarios continuará con outras obras sobre as migracións máis espectaculares ou as insólitas estratexias que algúns seres vivos utilizan para pasaren desapercibidos.

O FAIADO

Venres 26

17.00h. Ferramentas de edición

Catro plataformas, catro procesos, catro maneiras de entender a edición como ferramenta e como dispositivo de intervención.

Estaleiro Editora

Xa non se pode dicir que Estaleiro Editora sexa un novo selo. Nin sequera que sexa un selo independente coma se independente quixese dicir “ao principio do camiño” que conduce a outra cousa. Hai case tres anos de *Plan de fuga* (2007), o libro de poemas de Alberto Lema que estreou o seu catálogo, e Estaleiro segue a funcionar de xeito asembleario e como unha asociación sen ánimo de lucro, editando baixo licenzas Creative Commons e só en lingua galega, respectando a norma que os autores escollen para o seu texto. <http://estaleiroeditora.blogaliza.org>

Editorial Trifolium

Xan Arias-Andreu é un editor clandestino. Así se define este galego de Madrid afincado en Oleiros, á beira da Coruña. A páxina web da súa editorial, que vén de poñer novamente en galego O dereito á preguiza de Paul Lafargue e A natureza humana: xustiza versus poder, un coñecido debate entre Noam Chomsky e Michel Foucault, está encabezada por unha elocuente cita de Alberto Manguel: “Os gobernos nunca son verdadeiramente simpatizantes das letras, e por iso non adoitan encarcerar, torturar e matar por razóns políticas mergulladores ou axentes de bolsa, senón escritores”.

<http://editorialtrifolium.com/>

Proxecto Corsárias

Unha libraría nómada e virtual que procura acomodo en Compostela, unha distribuidora de materiais críticos, en Galicia e fóra de Galicia, e unha editora. Iso quere ser o Proxecto Corsárias, unha plataforma con base na internet que aspira a ser referencia do pensamento crítico no país. Nas súas comunicacións públicas empregan a norma reintegracionista, pero como no caso de Estaleiro respectan a opción de cada autora ou autor.

<http://www.corsarias.net>

Proxecto Derriba

A comunidade dos que non teñen comunidade. Así se alcuma Proxecto Derriba, unha asociación sen ánimo de lucro dedicada á reflexión sobre o pensamento contemporáneo que traballa con licenzas Creative Commons. Veñen de editar dous volumes con Estaleiro Editora, dúas monografías sobre Toni Negri e Gianni Vattimo, e publican unha revista semestral en soporte electrónico chamada Derritaxes.

<http://proxectoderriba.org/>

Coloquio no que participarán Carlos Diegues (Estaleiro Editora), Pepe Árias (Proxecto Corsárias), Xan Arias-Andreu (Editorial Trifolium) e Abraham Rubín (Proxecto Derriba).

20.00h. Presentación de *Non conciliados. Argumentos para a resistencia cultural*
No seu noveno aniversario, o Cineclub de Compostela publicou o volume colectivo *Non conciliados. Argumentos para a resistencia cultural*. Unha caixa de ferramentas con vinte e tres achegas contra a superestrutura ideolóxica do modo de produción dominante, a cultura do espectáculo e a propiedade intelectual privatizada.

Escriben Alberte Pagán, Alberto Lema, Aurelio Castro, Belén Gopegui, CSO Casa das Atochas, Cristina García Parga, Cristina Martínez, David Rodríguez Rodríguez, Gonzalo Pallares, Iria Sobrino Freire, Isaac Lourido, Isaac Marrero Guillamón, José Manuel Sande, Lara Rozados Lorenzo, Daniel Salgado, María do Cebreiro, Mario Regueira, Marcos Pérez Pena, Miguel Prado, Ramiro Ledo Cordeiro, Samuel Solleiro, Urro, Xesús González Gómez e Xiana Arias.

O PATIO

Domingo 28

19.00h. Hostia en verso

Partindo da idea dos Poetry Slam que se celebran noutras partes do mundo, sobranceiramente en Alemaña, onde existe unha organización propia dunha división deportiva, dez poetas, un músico e artistas plásticas constrúen un recital lúdico no que se enfrontan dous equipos de poetas que van sorteando as probas das dúas presentadoras do acto. Logo de cada proba os participantes sométense ao xuízo sumarísimo do público, que será quen decida, cos seus votos, cal é o equipo gañador.

O ESTUDIO

Venres 26

10.00h. FORO Edición

A Asociación Galega de Editores, pola súa banda, convidou aos representantes da Rede de Bibliotecas de Medellín, modelo de intervención políticocultural reconecido en todo o mundo, a presentar o seu proxecto, co obxectivo de darlle pulo ao deseño de programas e proxectos de novos instrumentos de promoción e difusión da lectura, así como ao investimento e organización dos recursos xa existentes. Luís Miguel Usuga Samudio, secretario de Cultura da cidade de Medellín falará de As Bibliotecas de Medellín: Paradigma de intervención cultural dos poderes públicos, mentres que Carolina Jaramillo, comunicadora e xornalista da rede de Bibliotecas da Área Metropolitana de Medellín exporá A experiencia da Red de Bibliotecas e o seu portal como programa de inclusión dixital e transformación social. Despois, haberá un debate.